

# Solidariedade Obreira



## A nova escravitude

Sen contrato, sen horario, sen soldo fixo. Non é en África, é na Galiza do século 21

Se pensas que o que imos contar é unha broma, lamentamos dicir que podemos confirmar punto por punto, con nomes, datas, empresas, todas as nosas afirmacións. Comezamos.

Entre os numerosos xeitos de ser capitalista neste país, esta-se poñendo de moda unha combinación de métodos de explotación dos obreiros que semella levar-nos de volta aos piores momentos do século 19. Afecta sobre todo a inmigrantes sen papeis, especialmente no sector da construción, e consiste en que o traballador non ten contrato, non horario, nen seguro, nen sequer

seguridade de cobrar o que faga. Naturalmente, a estes traballadores e traballadoras afectan-lles tamén as «bromiñas» habituais do capitalismo moderno: inestabilidade no emprego, horas extras a esgalla que non se cobran, falta de seguridade e hixiene, cobrar con retardos inustificables, abusos dos capataces e patróns, etc.

Pero aquí vai-se moito máis aló: estamos a falar do abuso absoluto, da dependencia total da vontade do patrón. Coñecemos casos nos que os obreiros dormen e viven nas obras que están a construír, sen calefacción, camas, lavabos, retretes, e sabemos de obreiros que nen sequer cobran o pactado

oralmente co patrón, ou que traballan festivos e os cobran como días «nor-mais». Tamén podes ver obreiros desprazados por todo o estado español segundo as «necesidades» das obras, é dicir, o patrón move constantemente os obreiros para evitar posibles deteccións.

O paradoxo deste sistema de abusos é que o patrón tamén se libera automaticamente de case todos os sindicatos: ningún destes obreiros está sindicado ou, se está, non pode reclamar dereito nengún: é ilegal e precisa o traballo para vivir, inda que sexa tan en precario. Os sindicatos, que

coñecemos a existencia do problema, non podemos denunciá-lo en cada caso concreto, porque significaría un grave risco para os traballadores afectados.

Pero é neste tipo de situacións onde a CNT se pode mover mellor e ofrecer solucións: diante da explotación directa, sen papeis nen normas nen leis, nós podemos ofertar acción directa, presionando directamente ao patrón para que mellore as condicións laborais e respete aos seus traballadores. Aquí non valen advogados,

Continua na páxina 3

## Pizzarias: comida-lixo e traballo-lixo

O que son

A fins dos anos 80 aparecían no Estado español as primeiras cadeas de comida rápida-lixo que ofrecían como produto principal a **pizza** e como principal novidade o **reparto a domicilio**. O seu crecemento e desenvolvemento foi extremadamente rápido e en poucos anos pasaron a ser elemento cotidiano das nosas vidas.

Continua na p. 3

## Crucifixos nas aulas, aínda!

No mes de novembro do 2006, o CPI de Mondariz decidiu eliminar das súas aulas os crucifixos. A proponente desta decisión foi unha afiliada da CNT, e non houbo oposición á proposta. Xa vedes: aínda no século XXI hai centros públicos de ensino que manteñen, en contra das propias leis do Estado español, unha mostra da íntima e tradicional conexión entre poder público e poder relixioso, e entre relixión e ensinanza. E ten que ser a CNT a que poña as cousas no seu lugar racional e laico.

## Obreiros parvos

Unha coñecida empresa de carpintería que traballaba para uns grandes armazóns coruñeses despediu aos seus traballadores por fin de obra. Aos 20 traballadores afectados fíxose-lles a correspondente liquidación, pero un traballador non estivo de acordo: dicía o mui iluso que lle tiñan que pagar os quince días do preaviso, máis

a indemnización por finalización do contrato, máis a diferenza da nocturnidade en todo o tempo traballado. Os compañeiros do iluso asinaron rapidamente a súa liquidación, para non ter problemas. Total: uns 600 euros por cada prudente traballador. O iluso de antes reclamou á empresa e insistiu nos seus dereitos, pedindo só o que lle corresponde polo Convénio. Resultado da súa indemnización (sen chegar ás mans, sen bronca, civilizadamente): uns 3000 euros. Dos traballadores despedidos só un está afiliado á CNT. Adiviña quen foi o que conseguiu os seus dereitos.

**Moraleja: ás veces conseguir os teus dereitos só consiste en saber cales son estes dereitos, e reclama-los.**

## Seguimos na guerra

Para os que o esqueceran xa, seguimos metidos na guerra de Afganistán. Eso si, humanitariamente. A que mola?

## Unha de gángsters?

Problemas e perspectivas do audiovisual galego

Nos últimos anos véñense falando dende distintos sectores sociais e institucionais dun sector económico emerxente en Galicia: o audiovisual galego, e mesmo algúns se atreveron de falar de industria audiovisual galega. Este sector agrupa unha serie de empresas o abano das cales é máis amplo do que se cre, pero que se caracteriza esencialmente da súa dependencia institucional (do Estado ou goberno autonómico), ou ben, en moitos casos, das coproducións con empresas (produtoras audiovisuais) de fóra da nosa rexión.

Pois ben, para aclararnos un pouco distinguiremos tres tipos

de traballos ou grupos de empresa audiovisuais.

### Tipos de empresa e contratos

1. **Empresas ou produtoras de televisión**, como poden ser TVGA ou CTV, ANTENA 3, con equipos máis ou menos fixos, e que non só emiten programas, tamén os producen ou fan contratación de terceiros para producidos.

2. **Empresas audiovisuais** que practicamente se dedican á realización de series ou programas tipo «reality» ou concurso para televisión, onde hai un pequeno equipo

de traballadores e nas que o resto, que é a maioría, se contrata (todo un equipo de persoas, 30 ou 40 como mínimo) para a produción da devandita serie ou programa de TV. Ao rematar de emitirse a serie ou programa rematan os contratos. Este equipo sempre está exposto ás subas ou baixadas de audiencia; é dicir, se a serie vai mal remátase o contrato.

3. Este é un dos que máis «fama» lle está a dar ao sector audiovisual, «o cinema galego». Nos últimos anos, cántas películas se realizaron en Galicia? Refírome, por suposto, a todas aquelas que recibiron diñeiro da Xunta de Galicia para a súa produción, feito que obriga

Continua na seguinte páxina



# Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.  
Dep. Legal: C-984-2006  
Compostela, Maio 2007

## Avante toda !



A CNT en marcha. Continuamos coa nosa dinámica de loita e organización nun proceso que semella imparábel, así acabamos de constituir o sindicato en Ferrol despois de moitos anos de seca e con local propio nada menos, en Lugo alugamos local céntrico, os compañeiros de Melide andan a argallar un núcleo confederal en breve. En Ourense non te conto !.

En fin parez que vamo-nos asemellando a aqueles tempos primeiros do pos-franquismo onde a CNT constituía un mapa confederal xeitoso na Galiza con presenza importante nas cidades e vilas do país.

En canto a conflitos, debido a precariedade con que o capitalismo nos afoga, estamos surtidos, e a nova clase obreira organiza-se nos locais da CNT, seguimos a constiur seccións sindicais nas empresas, seguimos ás portas de Mercadona en Lugo e Coruña, hostelería en Vigo e Pizza Móvil Compostela, traballadores contra-incendios en Ourense, servizos municipais en Pontevedra, precários en Ferrol, non damos abasto.

Na loita social e cultural seguimos a organizar Xornadas Libertárias en Compostela, Pontevedra e Vigo, nace un novo ateneu en Betanzos «Ateneo Libre Pensamento», vai-se celebrar a IV Semana de Cinema Anarquista en Compostela, charlas, debates nunca floreceron tanto as ideas na Confederación.

Apesar de todo necesitamos organizar aos compañeiros e compañeiras que cada día máis se nos acercan, para constituir sindicatos nunha CNT grande e solidaria que faga tremar aos capitalistas : torpe burgués, atrás, atrás !!

## Enderezos da CNT

### Compostela

R/García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA Tel: 981.590.910 Fax: 981.534.256 Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.) compostela@cntgaliza.org

### A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA Tel/Fax: 981 90 40 44 Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA corunha@cntgaliza.org

### Ferrol

Avda de Esteiro, 10, baixo dereita 15403 FERROL Correspondencia: Apdo 147 15480 FERROL (A CORUÑA) ferrol@cntgaliza.org

### Pontevedra

R/Pasantería 1, 3º 36002 PONTEVEDRA Tel: 986.854.075 / 678.075.911 pontevedra@cntgaliza.org

### Vigo

R/Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA) Tel: 886.116.558 vigo@cntgaliza.org

### Lugo

Rua Nova, 103, 1º Dereita 27001 LUGO Tel: 650.269.807 Correspondencia: Apdo 65 27080 LUGO lugo@cntgaliza.org

### Ourense

Apdo 92 32080 OURENSE ourense@cntgaliza.org

### Betanzos

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA) betanzos@cntgaliza.org

### Comité da Rexional Galáica

galiza@cntgaliza.org  
www.cntgaliza.org

# Unha de gángsters?



as produtoras a contratar equipo tanto técnico como artístico de Galicia. Creo que se rodaron as suficientes como para que os equipos que se configuran sexan dunha calidade igual ou mellor que en calquera comunidade ou rexión. Ademais, moitos destes técnicos realizaron estudos durante polo menos 2 anos en escolas como as de Imaxe e Son de A Coruña ou Vigo.

Os traballadores deste sector son contratados só durante e ata a finalización da obra. Se a produción é por completo galega, os contratos pódense estender ata os tres meses aproximadamente, xa que se supón que se roda integramente en Galicia, e dependendo do grupo técnico ao que pertenza o traballador. Por exemplo, un técnico en produción contratárase tamén na preproducción ou preparación da película, un técnico de son só na realización. Neste grupo poderemos enmarcar tamén as publicidades, que como moito son contratos duns poucos días.

Como digo, este resumo é a grandes trazos, pois hai moitos matices: hai empresas de posproducción, dobraxe, empresas de eléctricos e técnicos maquinistas, ou mesmo de sonidistas, e que proporcionan os seus traballadores propios para a realización de cada obra. Hai tamén axencias de modelos e mesmo de figuración, onde se fan contratos dun día.

## Os problemas

Algunhas das demandas son as seguintes, nun sector que se di roldamos os 2000 traballadores en Galicia, un sector que se di progresista, tanto empresarios como técnicos e artistas, un sector no que a crítica social e as inxustizas plásmanse en multitude dos traballos que realiza.

Entón, ¿por que é un dos máis precarios? ¿Por que os técnicos teñen que negociar en cada obra o que van cobrar sen ningún tipo de criterio? ¿Por que falar da hora extra é tabú?

¿Por que nin sequera determinados técnicos saben, cando os contratan, se están no réxime xeral ou no de artistas? Estes réximes son moi distintos na cotización e en características á hora do desemprego e mesmo á hora de declarar a Facenda.

Calquera que mire unha orde de traballo da película que se queira realizada en Galicia verá que son 10 máis 1 hora as que se fan de rodaxe, e por suposto algúns departamentos como Producción ou Dirección se fan un par de ho-

riñas antes e outras dúas despois. Suma e segue, pois das 15 horas é difícil baixar.

O peor disto é que está asimilado como normal por un sector amplo dos técnicos ¿quen os enganou? Oín presumir a produtores de que en tal ANUNCIO PUBLICITARIO o equipo aguantou 25 horas seguidas de rodaxe. Para facernos unha idea, iso supón que os auxiliares de produción conduzan coa pestana pegada e sen durmir como mínimo nas 25 horas anteriores, posiblemente leven de pasaxeiros algún actor/actriz ou outros compañeiros incautos e que descoñezan que o que manexa o vehículo é un Zombi. ¿Hai que esperar unha traxedia, para que isto deixe de suceder?

## Imos resolvelo

Estas son algunhas das deficiencias do sector audiovisual galego. Pero hai máis, e temos para longo. Hai que recoñecer que se fixeron bos traballos, pero tamen hai que recoñecer que na maioría os técnicos e artistas galegos o teñen currado. E en moitos casos ou na maioría, cunhas condicións laborais por debaixo das doutras rexións nas que nin sequera o cinema está tan protexido.

Podemos dar nome e títulos de películas en que as condicións laborais foron nefastas, pero xa non vén ao caso. É momento de mirar cara a adiante, sen deixar pasar nin unha inxustiza máis. Hai que render contas, e se se cobran subvencións por que nós traballamos, que se pague o que corresponda. E que se cumpran os horarios para todos os técnicos.

Non esquezamos que para algúns produtores «dieta» é unha palabra que non está no dicionario. Nin en castelán nin en galego. O que é máis grave é que hai casos que os que veñen de fóra da comunidade galega si a cobran e os indíxenas non (refírome a cando toca durmir e comer fóra da túa casa). «O normal» é que se traballas en Madrid, aceptes cobrar como un técnico de Madrid, pero coma se vivises alí, ou sexa, que non cobras dieta. Ao revés non pasa, e Galicia é como unha enorme urbe na que (para algúns, non para todos) o técnico galego pode rodar en Vigo, vivir na Coruña e non ver unha dieta.

Existen moitos trucos para aforrarse un diñeiro. Hai películas que se rodaron cun equipo practicamente constituído por «meritorios». Meritorio é unha palabra que se utiliza para non pagar a unha persoa o traballo que realiza, pois está a facer méritos,

aínda non sei para que. Xeralmente a produtora remata a obra e todos á rúa, e se volven chamar ao «meritorio» vai ser nas mesmas condicións, e se ten a sorte de que o fagan auxiliar en principio non cobrará nin por asomo o que tería que cobrar un auxiliar.

## Cambiamos a pior

No audiovisual tivemos un retroceso no que se refire ás condicións laborais. Non fai moitos anos na rodaxe dunha película cobrábase todas as semanas, pero a figura do caixeiro pagador desapareceu. É unha vergoña dicir que no franquismo eran moito mellores as condicións laborais dos técnicos que as actuais. Pero cremos que é certo. É cousa distinta que se fagan máis e mellores películas, algo do que o técnico tamén é «culpable».

Posiblemente a nova lei, que obrigará a que as televisións incrementen a súa inversión en cinema, e a continuidade das subvencións ás produtoras aumente a cantidade de obras a producir. É a hora de esixir unhas condicións laborais dignas para cada tarefa que se desempeñe. ¿Queremos facer industria? Pero non a custa do esforzo alleo, o dos técnicos e artistas.

Coñecín actores que calaban para eles un problema cardiovascular por medo a non ser contratado para unha famosa serie. Os contratos son por funcións, e se a serie dura 6 meses non importa, se fai falta fáiselle un contrato cada día, así que o actor ou actriz non ten o pan asegurado nin moito menos. Cando a un artista empézano a chamar máis lle vale que estea san, pois se rompe a perna en domingo, día en que non está contratado, que esqueza a baixa laboral.

Perruqueri@s, maquillador@s, atrezistas... Iremos contando todos os problemas dos departamentos que existen, pois si que é complexo o audiovisual, e cada un ten o seu.

## Unidade e loita

En resumo, hai moitos problemas que resolver, e témolos que resolver nós. Ninguén vai vir a nos regalar nada. Se queremos que paguen as horas extras, se queremos uns horarios de persoas normais e uns contratos que non nos deixen constantemente tirados a velas vir, teremos que nos unir e loitar para conseguilo.

## Constituíuse a Asociación Galega de Técnicos do Audiovisual (ATEGA)

Recentemente constituíuse a asociación galega de técnicos do audiovisual (ATEGA). Os motivos de que ATEGA se formase son moitos, pero a gota que desbordou o vaso foi o sucedido na rodaxe da película que producía DIGRA e que no mes de novembro se paralizou, deixándoo unhas 80 persoas na rúa.

Parece ser que a idea prin-

cipal foi formar un sindicato de técnicos, pero non podendo ser, debido a leis que establecen un número determinado de afiliados que non cumprían, fórmase como asociación e é presentada recentemente aos medios de comunicación. ATEGA constitúese como a primeira forza representativa dos técnicos do audiovisual galego.

Dende CNT queremos mandar

un saúdo a ATEGA e comunicarlle que na Confederación aínda non hai un sindicato do audiovisual, pero si técnicos afiliados no sindicato de oficios varios que nos porán ao tanto de todo o que suceda no sector. Contade co noso apoio a todos os técnicos do audiovisual galego en torno aos seus dereitos e reivindicacións.

# Pizzerias: comida-lixo e traballo-lixo

As pizzerias ntroducen-se seguindo o modelo que durante os 80 facilitou o seu desenvolvemento nos USA, cunha focalización moi clara cara a un público pre- ou adolescente (porén non sexa esta a súa exclusiva clientela) nunca época de feliz crecemento económico, público pouco exixente que demanda un novo modelo de ocio que o separe con claridade da xeración anterior. Isto consegue-se con agresivas campañas de publicidade.

En canto ao traballo, buscou-se unha **identificación entre @ operári@ e @ cliente** e un aforro extremo do gasto empresarial, para o que se contrata principalmente xente moza, para quen o traballo non constitúe unha primeira necesidade e que permite á empresa unha **precarización case ilimitada das condicións de traballo**.

Clave do rápido éxito son as astronómicas ganancias, non só debido a esta precarización, senón ás grandes marxes de beneficio con que se traballa, (por exemplo, unha pizza familiar non baixa dos 21-22 €, no entanto que a súa elaboración custa apenas 1'50 €) elaborando un produto de ínfima cualidade, o que permite ao tempo procurar o aumento da demanda con ofertas que semellan moi van-taxosas para @ cliente (2x1, diversos presentes) e cunha publicidade moi agresiva e case omnipresente.

## As condicións de traballo

O traballo no sector desenvolve-se en condicións de precariedade, desde a contratación á seguridade

- **Contratación:** A modalidade habitual é a contratación eventual por circunstancias da produción e a tempo parcial. Os contratos fan-se por apenas uns meses, polo que a posibilidade de renovación xoga un papel **fulcral** no control d@ traballador/a por parte da empresa, e por apenas unhas horas á semana (entre 10 e 20), o que obriga á realización de horas extras de xeito habitual. Esta é unha **vulneración flagrante da legalidade laboral**, pois están expresamente prohibidos tanto o encadeamento de contratos eventuais como a realización de horas extras nos contratos a tempo parcial, ademais do fraude a que se prestan as «circunstancias de produción» en que se excusa a contratación eventual e non indefinida.

- **Remuneración:** A remuneración está fixada en 3'65 €/h nas categorías inferiores, con escasos complementos salariais. Así, unha traballador/a que non realice horas extras apenas superará os 200 €/mes. A remuneración das **horas extras** constitúe ademais un grave problema para @ traballador/a, que verá de cotío que **non se lle reconecen**. O feito de non respeter as categorías profesionais reconecidas nos convénios supón para a empresa un aforro por volta do 40% no total das remuneracións.



## O sindicalismo no sector

Desde a súa aparición, este tipo de empresas constitúe un ámbito perfecto para que os sindicatos oficiais pratiquen o seu sindicalismo preferido: **a caza d@ delegad@ e o asalto ao comité**, normalmente persoas sen experiencia sindical nen filiación pré-via, sempre con responsabilidades na empresa (en-cargad@s de tenda, xef@s de área) xa moi identificad@s cos intereses da empresa, e que garantan unha calma continuada para o sindicato. Este sindicalismo é practicado por sindicatos que se apelan de

- **Seguridade e hixiene:** A política de aforro de gastos por parte da empresa supón un deterioro importante da seguridade d@s operári@s, nomeadamente no reparto a domicilio. Este realiza-se **en motos mantidas en pésimas condicións**, á vez que se presiona a repartidor/a para efectuar o reparto con rapidez, debido aos limitados marxes de tempo con que xoga a empresa, o que produce contínuos accidentes. As condicións de hixiene que teñen que sufrir @s operári@s, sobre todo na cociña, non son tampouco as máis desexábeis.

- **Descansos:** Sendo as fins de semana os días de maior volume de traballo, atopamos que continuamente **se vulnera o dereito a desfrutar este descanso**, que ven establecido no convénio.

## As causas destas condicións

Diversas son as causas da precariedade laboral neste sector.

Unha é o **vacío legal** desde o que comezan operar estas empresas no Estado español. Este debe-se a que, debido á novidade de parte da súa actividade, a entrega a domicilio, non adhire a un convénio que resultaría máis gravoso para a empresa, o da hostelería. Así, negocia-se un novo convénio sectorial que, coa connivencia dos sindicatos de Estado (UGT e CCOO) se realiza sobre os mínimos establecidos no Estatuto dos Traballadores, mínimos que economicamente apenas ultrapasan o umbral da pobreza, e no resto de **condicións de traballo son máis propios do século XIX**. As sucesivas renegociacións do convénio limitaron-se a revisións salariais non precisamente favorábeis para @ operári@ e á procura de xeitos para que a empresa poda non vincular-se a certas obrigas ou diminuí-las en grande medida (plus de transporte, etc.)

Outro factor é o propio papel d@s operári@s ante esta situación e a súa pasividade. Isto non se debe só ao tipo de sindicalismo desmobilizador que se desenvolve nestas empresas, senón tamén ao tipo de operári@ que se emprega, normalmente moz@s que acoden ao traballo como un extra, pero que a súa fonte de ingresos principal é outra (habitualmente familiar).

clase, a empresa non precisa botar man de sindicatos «amarelos». Así, temos nesta tesitura à CIG en Pizza Hut ou à UGT en Pizza Móvil. Así tod@s fican content@s: o sindicato apaña delegad@s nas eleccións (portanto máis prebendas e sub-vencións); @ delegad@ desfruta horas sindicais e demais beneficios; a empresa consegue a paz laboral e a posibilidade dunha pre-carización indefinida e consentida das condicións laborais. Pois iso, tod@s content@s... agás @ operári@.

## A alternativa da CNT

Ante esta situación de precariedade crecente, e de sindicalismo calmado e calmante, fai-se urxente unha intervención que cuestione radicalmente este sindicalismo e combata frontalmente esta precariedade. A CNT é unha alternativa real e activa neste sentido.

A nosa radical independencia dos intereses do Estado e do Capital, o rexeitamento dos comités de empresa, a aposta decidida polas **seccións sindicais e as asembleas de traballador@s**, fai posíbel que toda a decisión permaneza sempre nas mans da base e que a actuación do sindicato estará guiada sempre pola vontade das asembleas, o que imposibilita calquer pacto non aprobado previamente polo conxunto d@s operári@s.

Ademais, os métodos de luta que propoñemos, **a acción directa e a solidariedade**, garanten ante calquera conflito unha acción eficaz e extendida, que multiplica as posibilidades da vitoria, ao tempo que garante a xestión do conflito pol@s operári@s mesm@s, impedindo que se convirtan en fichas móbeis nunha estratexia sindical allea ao centro de traballo e aos seus intereses.

As empresas saben que este é o modelo válido de sindicalismo, de aí que intenten sen éxito afogá-lo. Cando esta acción colectiva aparece, a empresa pon en marcha a máquina de represión. E un caso recente Pizza Móvil en Compostela, onde @ operári@s veñen de constituír a sección sindical da CNT, ao que a empresa respondía co despido da compañeira elexida delegada da mesma. A campaña pola súa readmisión (**www.cnt-galiza.org/?q=pizzaMovil**) **está en marcha en todo o Estado**.

# A nova escravitude

leis, inspectores: só estamos os traballadores fronte aos patróns, só temos a nosa solidariedade fronte a explotación.

O que está a ocorrer non é novo. Xa era habitual no caso das inmigrantes sen papeis traballando no servizo doméstico. Pero agora o sistema se está estendendo a outros sectores nos que as condicións de traballo son de as penosas, co que o abuso se converte nun abuso non só laboral senon vital: os traballadores son practicamente escravos e traballan como tales, e a súa precariedade é absoluta. Nunca saben cantos días ou semanas traballarán, en que lugar, baixo que condicións, con que soldo. Se teñen un mínimo problema co patrón pode ser que non cobren sequera o tempo traballado, ou que o cobren con

retardo, ou que teñan que agardar horas nunha oficina a que apareza alguén que lles pague.

Insistimos, todo o que dicimos procede de exemplos reais, de persoas concretas e empresas galegas que descubriron o método ideal para sermos competitivos en Europa, seguindo as consignas dos nosos sucesivos gobernos. Tendo en conta este disimulado apoio institucional, ou o evidente mirar para outro lado dos servizos de inspección, só podemos esperar que cada vez máis persoas sexan explotadas deste xeito brutal.

Voltamos, pois, ao século 19, a época de orixe do noso sindicato. Foi por cousas como as que denunciámos que os obreiros daquela época se agruparon e comezaron a loitar. Que non nos pille mirando para outro lado!

**Non sexas o xoguete do patrón**  
Afilia-te á C.N.T.

## Memória das Casas Anarquistas

Unha charla de Carmen Blanco sobre «Casas anarquistas de mulleres libertarias» deixou-me sobrecollida por moitos motivos: primeiro pola organización e compromiso das mulleres e homes anarquistas naqueles primeiros anos de fascismo; segundo pola xenerosidade co que actuaron pondo en perigo a propia vida para salvar ás veces a persoas que non tiñan que ver co movemento libertario.

E por último fica en min a frase que dixo Aurora Miguélez Pena, nai do anarquista Antonio Varela Miguélez, que foi paseado, que acollera na súa casa a Fournirakis, coñecido anarquista que estaba a reorganizar a FAI, no mes de marzo do 1937 e que foi detida e interrogada sobre a cuestión e para tentar salvar ao seu fillo puxo despois da súa declaración: Mi hijo no lo llevó.

Sobran as palabras.

O texto desta charla ven de ser publicado pola CNT en forma de folleto, como homenaxe a estas valentes mulleres.

## Mercadona

A CNT continua en toda Galiza cas accións contra Mercadona polo despedimento dun afiliado na sede de Vilalba, logo dunha longa etapa de acoso laboral contra o noso compañeiro. Tamén no resto do estado español, solidarizando-se co noso compañeiro e cos outros represaliados en diferentes localidades. Pedimos, pois, que continuedes boicoteando a esta cadea de supermercados.

## De 1936 a 1976

Ven de ser publicada a última e importante obra de Dionísio Pereira e o noso compañeiro Eliseo Fernández, titulada **O movemento libertario en Galiza (1936-1976)**, editado por A Nosa Terra. Neste denso libro os autores fan unha importante contribución ao coñecemento dos «anos escuros» do movemento libertario, os da durísima represión e masacre do franquismo. Entre os apéndices do libro, a máis completa e fiable lista até agora dos represaliados membros do movemento libertario. Unha publicación, pois, imprescindible para a recuperación da memoria histórica libertaria.

## Lista das nosas empresas menos favoritas do trimestre

**Mercadona**, porque acosa e despide por todas partes: Vilalba, A Coruña, Barcelona. Non paran!

**Atento-Telefónica**, porque gaña cartos a esgalla e despide a 200 traballadores e traballadores na Coruña.

**PizzaMóvil**, porque despediu á nosa delegada en Compostela.

## Agrários galegos a dedo

Estos días saíu publicada na prensa dúas convocatórias para cubriren postos de persoal laboral fixo e temporal na empresa pública da Xunta de Galiza SERVIZOS AGRARIOS GALE-GOS. En total 33 postos de traballo de diferentes categorías.

Pois ben, consultada a páxina web da Consellería de Medio Rural, <http://mediorural.xunta.es/seaga>, atopamos que o proceso selectivo que os responsábeis da Consellería de Medio Rural atoparon é idéntico ao que usaba o Partido Popular cando gobernaba Galiza: o método da discrecionalidade e do capricho para ter unha bolsa nacional-popular de bandullos agradecidos e en nómina. Qué

pensar, senón, que para cubriren todas as prazas, sexan estas de director técnico, de técnico informático, de técnico de prevención de riscos laborais, de programador de web..., o proceso de selección estea baseado nun concurso de méritos e nunha entrevista persoal, sabendo, como todos sabemos, que a entrevista persoal da para todo tipo de chanchullas e para toda discrecionalidade.

Pero a maiores, os progresistas de Progreso do Goberno Nacional e Socialista da Galiza entenderon, ben aleccionados polas prácticas caciquís do anterior goberno do PP, que a entrevista persoal hai que valorá-la con até 3 puntos, igual que a experiencia

laboral en postos de traballo semellantes.

A CNT denuncia aos novos caciques progresistas, os que saben que para se manter no Poder non hai que ter dúbidas e hai que ser como o Partido Popular, ou sexa, aplicar-se con vocación a colocar na administración pública aos amigos e amigas, fomentando a aparición ou o mantemento dunha Administración Pública paralela que resulta enormemente custosa para a cidadanía, á que se lle reserva a condición de «paganiño» dos caprichos e caciquerías dos gobernantes, como cando colocaron ao fenómeno do ex Alcalde de Vigo, Lois Castrillo tamén nun chiringuito paralelo.

## Novos datos sobre accidentes laborais

Sairon os datos de 2006 sobre sinistralidade laboral e o que nos temiamos aconteceu : 1352 mortos en

accidentes e miles de traballadoras e traballadores lisiados de por vida.

O número de accidentes en Galiza no 2005 foi de 48.041 en xornada de traballo e este ano 2006 as cifras serán máis ou menos as mesmas a falta de datos definitivos.

O número de accidentes laborais en Galicia ascendeu dende xaneiro até setembro deste ano a 36.230, dos cales 58 tiveron resultado de morte, 14 menos que no mesmo período de 2005, o que representa unha redución porcentual do 20%. En Setembro, faleceron 11 traballadores. Ou sexa até Setembro máis accidentes e ao parecer menos mortos.

Segundo a Consellería de Traballo, nestes meses de 2006, producíronse 380 accidentes máis que nos nove primeiros meses

de 2005, cando foron un total de 35.890 accidentes, se ben o número dos graves diminuíu en 26 sinistros, pasando de 738 en 2005 a 712 en 2006. Estes datos manifestan que as tan cacarexadas medidas contra a sinistralidade laboral non funcionan.

Por sectores de actividade, a industria foi o sector onde se rexistrou o segundo maior ascenso no número de accidentes, nun 4,56%, mentres que o número de incidentes mortais se reduciu nun 42,11%. En canto ao sector económico con «piores datos» de sinistros mortais, hai que falar da agricultura, cun aumento dun 58,33%, xa que nos nove primeiros meses de 2006 faleceron dúas persoas. A pesca rexistrou un redución nos sinistros dun 4,75%, con 1.343 e padeceu cinco accidentes mortais, sete menos que o ano anterior.

A cada mes do ano correspondenlle a triste cifra duns 5000 traballadores na Galiza que sofren un accidente laboral (uns 6 traballadoras entre cen no 2005).

O que é certo é que segundo a modalidade de contrato varia enormemente a probabilidade de sufrir un accidente laboral : segundo un informe da Consellería esta probabilidade sería para un traballador fixo nun tempo de 25 anos, para un temporal reduce-se a 11 anos. Estes datos avalan o que se ve a pouco que se mire, que a precariedade mata e cada ano aumenta máis, pois as poucas medidas que se toman contra os sinistros laborais, non veñen acompañadas dun plano contra a temporalidade no traballo.

## Galegos no sindicalismo americano

Vimos de recibir un exemplar dunha publicación que o di todo no título. Nela faise unha introdución xeral ao tema da grande influencia que exerceron os galegos no movemento obreiro en toda América até a metade do século XX, e pasa-se despois a facer unha biografía de sete sindicalistas destacados dentro deste movemento, dos que catro son anarquistas. Entre estes, algúns tan importantes no sindicalismo americano como Antonio Soto (o da «Patagonia Rebelde») e Adrián Troitiño. Unha publicación pequena, pero cun grande contido, que recomendamos vivamente.

Lois Pérez Leira, *Galegos no sindicalismo americano*, AGER, Asociación Galega de Emigrantes Retornados, 2004



## Patria, Familia e Relixión

Xoán Abeleira

Hai que estar alertas. Moi alertas. Pois se avexa unha onda expansiva de ultra conservadorismo. Xa o ven: á dereita española non hai ren que a encabuxe máis que perdelo poder, o control sobre as nosas vidas. Quitados ises períodos verdadeiramente escasos, verdadeiramente sans de minúsculos avances, os elementos reaccionarios da nosa sociedade afixéronse, durante séculos, a dominalos nosos cerebros, corpos, corazóns. E sempre baseándose nos seus tres grandes piares: patria, familia e relixión. Agora están que rabean. Xa o oen. Xa o ven. «Acabemos cos separatistas. Acabemos cos homosexuais. Acabemos cos ateos e con esa chusma de infieis.» Atacan por tódolos frentes. Disparan infundios a feito. Precisamente porque, como en toda etapa de cambios ai, ises pouquichiños logros que, cada moito tempo, nos permiten atinxir senten ameazados os seus tres principios básicos, as súas tres pedras angulares: patria, familia e relixión.

### A patria

A consabida «unidade de España». Un problema que arrastramos dende hai xa moitos séculos, e que é o fondo de colisión doutros moitos problemas nosos, igualmente sen resolver. A transición como xa dixen outra vez non foi senón unha tregua pactada e aceptada para saír do franquismo. Mais o problema persiste. Está máis claro que nunca. E ata que non sexamos quen de aquelar esa cuestión, as tensións subsistirán. E, con elas, o perigo: os «salvadores» da patria.

Dende a chegada de ZP, co seu talante de Atlante, semella que o goberno español quere abrir novos canles para chegar a un acordo coas nacionalidades históricas. Porque sabe que, un día ou outro, os vascos falarán. Os galegos falarán. Os cataláns falarán. E haberá que facerlles caso. Tamén a dereita o sabe. E por iso está tan inquada. E adoce. E patexa. E berrega: «¿Dónde estabas tú te preguntarán mañana tus hijos el día en que esos traidores destruyeron España?» (así rezaban uns panfletos que repartiu hai semanas un grupo de «pepexistas»). Mais, coñecen vostedes a alguén de ideoloxía ultra españolista que verdadeiramente ame as terras que asegura defender? Eu non. Eu tódolos que coñezo se encabuxan, por exemplo, cando un lles di que Cataluña ten todo o dereito do mundo a ser unha nación, aínda que, en realidade, desprezan os cataláns, a súa cultura e a súa lingua. E cómo se pode amar, cunha furia tan desmedida, e mesmo estar a matar por algo que se despreza? A min é algo que, sinxelamente, non me entra na choliña. (Ou si: queren unha Cataluña onde non haxa cataláns nin catalán nin catalán. Un verdadeiro absurdo.)

### A familia

Levamos décadas oíndo que a familia se esborrala. Que está a piques de se esvaecer. O núcleo da sociedade. O fundamento da sociedade. E iso causa pavor. E as que máis medo levan son as «boas familias». As familias da «xente ben». De aí, proveñen, en parte, as súas queixas desorbitadas pola aprobación da nova lei que regula o casamento entre parellas homosexuais (un auténtico sacrilexio). Mais, de qué tipo de familia se está sempre a falar? Dise tipo de familia. A «familia burguesa». A «sagrada familia». A «familia cristiá». Un home e unha muller casados como Deus manda. Pero, 1) case tódalas familias desa índole que eu coñezo deixan moito que desexar, e, dende logo, non creo que deban ser un modelo para ninguén (fonte de neuroses). E 2) temos de aceptar que moi ben pode haber outros tipos de familias. Por exemplo, a que conformen dous homes ou dúas mulleres. Ou un home con dúas mulleres. Ou unha muller con dous homes, etc. E con outros tipos de principios. Mais iso a man dereita endexamais o aceptará. Porque tamén nise asunto cre posuía verdade. E, para defenderse a si mesma, insiste en defender unha base da sociedade que precisamente ela mesma deu en corromper coa súa dobre moral, coa súa moral hipócrita. Cando un poeta de traza leonina chamado André Bretón proclamaba os catro ventos: «Ante todo, que a terra se trague o concepto de familia!». Ise concepto de familia. E eu estou sempre con il.

### A relixión

A dereita occidental é plenamente consciente da baixada das súas crenzas. Os seminarios están baleiros. As igrexas, non digamos. Pero a culpa non é nosa, dos que non somos cristiáns, senón, máis ben, diles, dos crentes acomodados. E, moi por enriba diles, a culpa é da propia Igrexa, que segue sen dar resposta ós problemas da sociedade por non dicir da vida, da pre e da post mortem. Amais, a qué vén esa teima de crer que a salvación reside exclusivamente no seo do cristianismo? Nunha única España unicelular e unicatólica? Non. Igual que co tema da patria, ou co tema da familia, hai que empezar a pensar que pode haber outros camiños, outras razóns, outras medidas para convivir en paz. Na paz como individuos. Tolamente amados.